

## NORMAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PARA AS PROBAS DE ACCESO A EASD MESTRE MATEO - XULLO 2020

### 1. ANTECEDENTES E LEXISLACIÓN

1.1. Tendo en conta que a convocatoria das probas específicas de acceso para os Estudos Superiores de Deseño son o día 13 de xullo de 2020, e as de Ciclos Superiores o día 20 de xullo, coa situación de estado de alarma xa rematada, e por tanto en condicións de seguridade para realizar a proba, a Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo desenvolve o seguinte protocolo que se inspira nas "Medidas de prevención e hixiene fronte a COVID-19 en la realización de Evaluación del Bachillerato para el Acceso a la Universidad (EBAU) 2020", publicadas conxuntamente polo Ministerio de Sanidade e o Ministerio de Educación e Formación Profesional do Goberno de España.

1.2. Este protocolo ten ademáis como referencia principal a Resolución do 5 de Xuño de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Deseño para o curso 2020/21, así coma a Resolución do 22 de maio de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería. Por último, tamén se redacta baixo a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

### 2. NOVAS CONDICIÓNS DA ORGANIZACIÓN DAS PROBAS

2.1. Conforme ás instrucións de acceso, a direccións da Escolas de Arte e Superiores de Deseño garantirán a correcta administración das probas nas súas Escolas e adoptarán as medidas oportunas relacionadas coa dispoñibilidade de espazos, medios e medidas de hixiene para a realización das probas, en colaboración coa presidencia do tribunal. Para este fin resulta imprescindible a colaboración do profesorado das Escolas.

2.2. A dirección da EASD Mestre Mateo acordou incrementar o número de profesorado asignado á vixilancia das probas durante a celebración das mesmas na

Rúa Virxe da Cerca, 32 | 15703 Santiago de Compostela | T +34 981 587 757 | F +34 981 572 293 | [www.easd.es](http://www.easd.es)



Escola. Asignaranse un número variable de profesoras e profesores, dependendo do número de aulas que se utilicen para a proba, establecendo un número mínimo dunha profesora ou profesor por aula.

2.3. O profesorado asignado á vixilancia das probas será o encargado de aplicar as normas para, na medida do posible, evitar as aglomeracións de persoas na Escola e as súas inmediateiros.

2.4. Rematado o prazo de inscrición para as probas, o xefe de estudos calculará as necesidades espaciais para dar cobertura ás necesidades de acollemento de persoas aspirantes, así coma o profesorado necesario para xestionar o correcto desenvolvemento das probas, e seguindo a súa recomendación o director convocará ao profesorado necesario.

2.5. O director do centro determinará a organización da entrada, ubicación e saída das persoas que vaian realizar as probas, así coma o proceso de identificación das mesmas. De xeito xeral, a entrada ao edificio realizarase pola rúa Virxe da Cerca e a saída pola praza do Irmán Gómez, usándose as escaleiras principais para subir e as escaleiras traseiras para baixar. De xeito preferente manteranse na man dereita do sentido da marcha.

### 3. MEDIDAS INFORMATIVAS XERAIS

3.1. O secretario da Escola comprobará que na entrada do centro estean ben visibles os carteis informativos sobre prohibición de acceso a persoas con síntomas de contaxio da Covid-19, distancia de seguridade, hixiene de mans e uso da máscara. A colocación desas alertas visuais no acceso, aulas e aseos é competencia do secretario do centro. Ademais, o centro encargarse da dotación de xel hidroalcohólico, xabón, papel de secado de mans, papeleiras pechadas e calquera outro equipamento de prevención necesario.

3.2. A EASD Mestre Mateo insistirá na obriga do uso de máscara para todo o alumnado e profesorado, tanto mentras estean nas filas de acceso aos centros coma tamén dentro das aulas, e recomendará o uso de xel hidroalcohólico individual.

### 4. NORMAS DE ACCESO AO CENTRO

4.1. Só poderán acceder ao centro onde se celebran as probas: persoal directivo e administrativo autorizado, membros do tribunal avaliador e o persoal docente convocado para asistir na organización do desenvolvemento das probas, así coma o alumnado e acompañantes de estudantes que necesiten asistencia.



4.2. O persoal docente encargado da asistencia, seguindo instrucións do presidente do tribunal, encargarse de que as entradas e saídas dos centros e das aulas sexan ordenadas, en filas, usando máscaras e mantendo a distancia interpersonal de un metro e medio, sempre que sexa posible.

4.3. Prégase especial atención na hora da presentación. Os alumnos e alumnas deberán estar presentes á hora previamente estipulada, con tempo suficiente para atopar a aula asignada e despois acudir puntualmente aos exames tras os descansos.

4.4. No momento da presentación, cando as alumnas e alumnos estean xa nos seus postos dentro das aulas, o persoal docente responsable das aulas lembrará de xeito breve as normas básicas de actuación e prevención que se aplicarán.

## 5. NORMAS DE ACCESO ÁS AULAS

5.1. O director da Escola determinará o sistema de acceso ás aulas. Arredor dunha semana antes da celebración das probas, publicaranse as listaxes de alumnado que realiza a proba e a asignación de aulas.

5.2. Con carácter xeral, o alumnado e profesorado accederá ás aulas polas escaleiras principais, deixando os ascensores só para persoas que realmente os precisen e os seus acompañantes, de ser o caso, e abandonará o centro polas escaleiras traseiras, manténdose sempre que sexa posible á man dereita da marcha.

5.3. As alumnas e alumnos deberán ser identificados individualmente, ben antes de sentarse nos seus postos ou ben cando xa se atopen nos mesmos.

5.4. Cada alumna e alumno deberá levar consigo: DNI ou outro documento identificativo (pasaporte, NIE, etc.), bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra, e máscara.

5.5. Cada alumna e alumno poderá levar consigo: xel hidroalcohólico (recomendable) e panos de usar e desbotar.

5.6. As alumnas e alumnos poderán acudir á proba co material de debuxo estipulado na convocatoria correspondente para realizar a segunda parte da proba.

5.7. As alumnas e alumnos non poderán acceder á aula con teléfono móbil, reloxo dixital (*smartwatch*) ou calquera outro dispositivo electrónico activados. De darse o caso, sería motivo de medida disciplinaria (expulsión da aula e cualificación do exame con 0 puntos).



5.8. As alumnas e alumnos poden introducir na aula unha mochila, carteira ou bolsa de deporte con todas as súas pertenzas, que inclúen auga e comida, sempre que se cumpra o que se indica nas normas específicas de prevención.

## 6. NORMAS DE DISTRIBUCIÓN E PERMANENCIA NAS AULAS

6.1. O número máximo de persoas por aula se determinará en función da capacidade das aulas, sempre atendendo a que a distancia de seguridade interpersoal quede sobradamente garantida. O xefe de estudos da EASD Mestre Mateo determinará cantas persoas se admiten por aula.

6.2. Haberá un mínimo dun profesor ou profesora por aula para a vixilancia, control de asistencia e demais tarefas relacionadas coa proba.

6.3. A distribución concreta na aula deberá cumprir, na medida do posible, as seguintes indicacións:

- Deixar dous asentos libres ou 1,5 metros entre persoas da mesma fila
- Intercalar ás persoas entre filas sucesivas, de xeito que non queden xusto detrás da persoa da fila colindante
- Distanciar máis ás persoas naqueles sectores da aula onde sexa posible
- Asumir que a aula será aproveitada a aproximadamente 1/3 da súa capacidade total

6.4. A recollida dos exames farase evitando aglomeracións e mantendo sempre a distancia interpersoal de seguridade. É necesario advertir ao alumnado de que fóra da aula non se poderá permanecer nos corredores e que deberán abandonar o centro.

6.5. Entre as distintas partes da proba, un membro da directiva das Escolas deberá comprobar que nas inmediacións do centro, sobre todo na contorna das entradas e saídas, se respectan as recomendacións. En todo caso, debe evitarse a formación de grupos numerosos nestes lugares.

## 7. NORMAS ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN

7.1. O alumnado en illamento por Covid-19, en corentena por contacto estreito ou por calquera outra enfermidade debidamente certificada, non poderá presentarse á convocatoria ordinaria de xullo, pero poderá facelo na extraordinaria de setembro, de habela.

7.2. Se unha alumna ou alumno mostra síntomas de contaxio da Covid-19 durante a proba, será levada a unha sala ou aula previamente determinada polo director da



Escola, onde poida estar acompañada dunha persoa representante do centro, ambos con máscara e mantendo en todo momento a distancia interpersonal de seguridade. A dependencia elixida deberá contar con ventilación e papeleira pechada con bolsa (onde poder desbotar máscaras e panos). Deberá avisarse á familia de forma inmediata e, se os síntomas semellan de gravidade, comunicarse co 112.

7.3. Se unha das persoas que traballan na proba mostra síntomas de contaxio, deixará o seu posto de traballo e será levada á dependencia habilitada do centro. De xeito inmediato chamarase ao teléfono previsto da Xunta ou centro de saúde ou, se os síntomas semellan de gravidade, ao 112.

7.4. O uso da máscara é responsabilidade individual de todas as persoas que accedan á Escola. A máscara é obrigatoria, xa que non sempre será posible garantir o mantemento da distancia interpersonal de un metro e medio. Nas aulas haberá máscaras de substitución para quen as precise. O profesorado estará atento á súa reposición se fose necesario. A máscara deberá ser usada debidamente, cubrindo boca e nariz. Se alguén non a leva de xeito correcto, será advertido pola persoa responsable. Téñase en conta que as pantallas non están autorizadas como substitutivos das máscaras, xa que non cumpren a mesma función.

7.5. Recoméndase informar de forma reiterada sobre a conveniencia da desinfección frecuente das mans con xel hidroalcohólico, durante polo menos 40 segundos. O profesorado deberá estar atento á súa reposición nas aulas e aseos. Tamén se informará da conveniencia de non tocar coas mans ollos, nariz e boca.

7.6. De xeito xeral, non se recomenda o uso de luvas. Con todo, se o profesorado as solicita poranse á súa disposición para a entrega e recepción de exames.

7.7. En cada aula haberá bolígrafos de substitución para que se algunha persoa se queda sen bolígrafo por esgotamento ou deterioro, non pida outro ao resto de participantes na proba, senon á persoa responsable da aula, que será a encargada de entregarlle un bolígrafo desinfectado.

7.8. A limpeza e desinfección dos centros é competencia da Escola, pero nos momentos de recepción dos materiais da proba e de almacenado e envío das probas á Escola Antonio Faílde de Ourense (no caso das probas de Estudos Superiores), un membro da directiva encargaranse de pulverizar todo o material cun líquido desinfectante que se lles facilitará.

7.9. Na Escola realizarase unha limpeza inicial, de acordo coa Orde SND/399/2020 (BOE 09/05/2020), utilizando desinfectantes virucidas autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. De xeito xeral, recoméndase realizar unha limpeza e



desinfección das aulas utilizadas e dos aseos nas horas que transcurren entre a finalización da primeira parte da proba e o inicio da segunda, así como tras a finalización da proba.

7.10. Da organización das tarefas de limpeza e desinfección ocuparase a Escola, así como da dotación das papeleiras adecuadas e da xestión de residuos. Así e todo, entre as distintas partes e exercicios das probas o profesorado será o encargado de ventilar as aulas, polo menos durante 5 minutos.

7.11. Sobre a dispoñibilidade de espazos para descanso e comida, recoméndaselle ao alumnado saír ao aire libre, evitando a formación de grupos numerosos e respectando a distancia interpersoal de seguridade.

7.12. Rematadas as probas, os exames recollidos serán almacenados e custodiados nun lugar seguro. Os exames dos Estudos Superiores serán enviados á Escola Antonio Faílde de Ourense ao día seguinte da celebración das probas coa custodia da vogal do tribunal, seguindo pautas da Sociedade Española de Viroloxía sobre o período preventivo de viabilidade máxima (a vida media do coronavirus sobre papel ou cartón é de 3,5 horas). Os exames de Ciclos Superiores permanecerán na EASD Mestre Mateo.

## 8. DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

As presentes normas de protocolo son publicadas con antelación, a varias semanas da celebración das probas, de acordo coa lexislación vixente, as circunstancias actuais e as previsión sobre a evolución da pandemia. Con todo, estas normas están supeditadas a posibles modificacións normativas que indiquen as autoridades sanitarias e educativas.

En Santiago de Compostela, a 25 de Xuño de 2020

Santiago Riande Torres, Director da EASD Mestre Mateo (Santiago de Compostela)

